

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 3 de decembro de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproba a asignación de vogalías para as asociacións e federacións constituídas por estas que formarán parte do Consello Galego das Mulleres.*

O 3 de setembro de 2013 publicouse no DOG nº 167 a Orde do 26 de agosto de 2013 pola que se convocan as asociacións de mulleres e as federacións constituídas por estas para o procedemento de elección das vogalías que lles corresponden no Consello Galego das Mulleres.

O 3 de outubro de 2013 publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade as relacións provisionais de entidades admitidas e excluídas e o 4 de novembro de 2013 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 210 a Resolución do 29 de outubro de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aprobaron as relacións definitivas de entidades admitidas e excluídas para a participación na elección de vogalías do Consello Galego das Mulleres e se iniciou o procedemento de votación.

Logo de concluír o prazo establecido para a votación, a Comisión de Seguimento, constituída ao abeiro da citada orde de convocatoria, efectuou o recuento dos votos emitidos, así como a correspondente proposta de asignación de vogalías, de conformidade co procedemento e o sistema proporcional establecidos na convocatoria.

De acordo co indicado,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a relación de entidades que obtiveron representación e a asignación de vogalías que lles corresponden, segundo figura no anexo I.

Segundo. Establecer un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de conformidade co disposto no artigo 9 da convocatoria, para que as entidades elixidas designen as persoas que exercerán as vogalías, utilizando o anexo II que se xunta a esta resolución, que deberán remitir debidamente cuberto á Secretaría Xeral da Igualdade, preferiblemente por correo electrónico ao enderezo [xestion.igualdade@xunta.es](mailto:xestion.igualdade@xunta.es) ou, alternativamente, por calquera das formas establecidas



no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade no prazo dun mes, ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados estes dous prazos, a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, sen prexuízo da posible interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2013

Susana López Abella  
Secretaria xeral da Igualdade

## ANEXO I

Nº	Nome da entidade	NIF	Categoría	Provincia	Vogalías asignadas
1	Asociación de Executivas de Galicia	G70301916	Xeral	A Coruña	1
2	Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia	G70223417	Atención a colectivos con especiais dificultades	A Coruña	2
3	Asociación de Mulleres Profesionais e Autónomas de Galicia	G70251590	Xeral	A Coruña	1
4	Asociación Labregas	G15945686	Xeral	A Coruña	1
5	Asociación para a Promoción e a Integración das Mulleres do Medio Rural	G15656762	Rural	A Coruña	1
6	Asociación Edeid@des para a Integración Laboral e Social da Muller	G27431873	Atención a colectivos con especiais dificultades	Lugo	1
7	Asociación Mulleres en Igualdade de Burela	G27441153	Xeral	Lugo	1
8	Federación de Empresarias de Galicia	V15226004	Profesional	Lugo	2
9	Federación de Mulleres Rurais de Ourense	G32237869	Rural	Ourense	1
10	Federación Hispano-Lusa de Empresarias	G32421026	Profesional	Ourense	1
11	Asociación Cultural de Mulleres do Mar de Poio	G94080942	Profesional	Pontevedra	1
12	Asociación de Mulleres en Igualdade de Cercio	G36585925	Xeral	Pontevedra	1
13	Asociación de Mulleres en Igualdade de Vilanova	G36585891	Xeral	Pontevedra	1

CVE-DOG: qvfvclj3-h119-ysr0-btl2-vflymoqp4af0



**ANEXO II**  
**DATOS DA ENTIDADE**

NOME DA ENTIDADE	SIGLAS	NIF	
DOMICILIO SOCIAL	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CP	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

**DATOS DA PERSOA QUE REPRESENTA LEGALMENTE A ENTIDADE**

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI
CARGO NA ENTIDADE	PROVINCIA	CONCELLO	

De acordo co establecido no artigo 9 da Orde do 26 de agosto de 2013, pola que se convocan as asociacións de mulleres e as federacións constituídas por estas para o procedemento de elección das vogalías que lles corresponden no Consello Galego das Mulleres, nomeáanse as seguintes persoas como representantes da entidade no Consello Galego das Mulleres:

<b>PERSOAS TITULARES</b>	
NOME E APELIDOS	NIF
1.	
2.	

<b>PERSOAS SUPLENTES</b>	
NOME E APELIDOS	NIF
1.	
2.	

Sinatura do/a representante legal da entidade	Sinaturas das persoas representantes e suplentes: 1. 2. 3. 4.
Lugar e data ..... de ..... de .....	

**SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE**

